

PROGRAMA DE HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

I A crise do Antigo Réxime

II Bases do Mundo Contemporáneo

1. Transformacións económicas: A revolución industrial e xeralización do modelo económico capitalista
2. Revolucións liberais: Estados Unidos, Francia e Latinoamérica. Orixe e difusión dos nacionalismos
3. As transformacións sociais: as clases sociais. Orixe do movemento obreiro.

III. Industrialización e imperialismo

4. Hexemonía europea no mundo: O Reino Unido, Francia, Alemaña e Rusia
5. Os imperios coloniais e a emigración europea a outros continentes.
6. A Primeira Guerra Mundial

IV. O século XX

6. A revolución rusa e o modelo soviético
7. Período de entre-guerras: Evolución económica e auxe dos fascismos
8. A Segunda Guerra Mundial: Consecuencias e organización da paz (a ONU)
9. Un mundo bipolar: as democracias occidentais
10. Un mundo bipolar: o bloque socialista
11. A descolonización e os problemas do terceiro mundo
12. O declive do comunismo e a hexemonía dos Estados Unidos

V. A Globalización e os problemas do mundo actual

13. O proceso de integración europea: a UE
14. Globalización, pobreza e desigualdades no mundo actual.

OBXECTIVOS

O sentido dunha materia de Historia do Mundo Contemporáneo para os e as candidatas a acceder ao Sistema Universitario Galego é o de comprender as claves xerais que deron orixe ás sociedades actuais, antes que un coñecemento exhaustivo de datos históricos concretos. Por iso o estudo da materia debe orientarse a lograr que sexan capaces de

- 1) Recordar algúns datos básicos e situar correctamente no tempo de xeito máis ou menos preciso algúns grandes acontecementos: as revolucións liberais, a revolución industrial, a expansión colonialista, as guerras mundiais, etc.
- 2) Interpretar os grandes procesos históricos utilizando correctamente un vocabulario preciso; diferenciando hipótese ou teorías de datos contrastados, e lograr recoñecer os cambios e continuidades que se produciron ao longo dos dous últimos séculos.
- 3) Aplicar os coñecementos históricos xerais a contextos específicos como comentar algunha noticia ou documento, elaborando unha composición persoal e fundamentada e póndoa en relación cos procesos históricos pertinentes.

Non é necesario, xa que logo, realizar un grande esforzo de memorización de nomes, datas ou lugares, senón un exercicio máis reflexivo que adoita adquirirse coa lectura e o exercicio da argumentación razoada. É conveniente que os e as alumnas poñan ao día os seus coñecementos con algún manual de historia contemporánea, para o que pode ser útil calquera dos utilizados en bacharelato, antes que con libros máis especializados. Deben habituarse a pór por escrito as súas valoracións ou sínteses de acontecementos, como os que son noticia a diario nos medios de comunicación, tratando de relacionalos con outros episodios históricos.

ESTRUCTURA DO EXAME

O exame incluírá unha composición histórica (unha redacción) a partir dalgúns documentos, que se valorará cunha puntuación máxima de 6 puntos e dúas preguntas (elixidas de 4) breves sobre outros contidos do programa diferentes ao do tema da composición (2 puntos cada un).

BIBLIOGRAFÍA ORIENTATIVA

Para preparar a materia pode utilizarse o libro de Artola, M. e Pérez Ledesma, M. (2005) *Contemporánea*, Madrid, Anaya. Pero pode servir tamén calquera manual de Historia do Mundo Contemporáneo dos que existen no mercado para o primeiro curso de bacharelato.